



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

### **REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ESTUDOS EMPRESARIAIS**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O presente Regulamento vén dar cumprimento ao disposto no artigo 13 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio, polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña (DOG do 26 de maio).

A regulación do réxime de funcionamento e de organización da Escola Universitaria de Estudos Empresariais fica enmarcada na normativa aplicable á Universidade da Coruña, en concreto na Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades e Decreto 101/2004, de 13 de maio, polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña, así como pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, de modificación da anterior, no relativo ao capítulo II. Órganos Colexiados, do título II, dos órganos das Administracións Públicas, naqueles aspectos que se recollen na presente normativa, nos que son de obrigado cumprimento ou que con carácter subsidiario foren de aplicación.

#### **TÍTULO PRELIMINAR. DO ÁMBITO E DO RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN**

##### **Artigo 1. Obxecto do Regulamento**

O presente Regulamento regula o funcionamento e a organización da Escola Universitaria de Estudos Empresariais da Universidade da Coruña.

##### **Artigo 2. Ámbito de aplicación**

O presente Regulamento será de aplicación á Escola Universitaria de Estudos Empresariais da Universidade da Coruña e, consecuentemente, será de obrigado cumprimento para todos os seus compoñentes como membros desta escola.

##### **Artigo 3. Réxime xurídico**

1. A Escola Universitaria de Estudos Empresariais rexerase pola Lei orgánica de universidades, polas normas que emanen dos correspondentes órganos do Estado e das Comunidades Autónomas no exercicio das súas respectivas competencias, polos Estatutos da Universidade da Coruña e as súas normas de desenvolvemento e finalmente polo presente Regulamento de réxime interno.

2. En defecto do establecido no presente Regulamento aplicarase a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Contra as resolucións e acordos dos órganos do centro cabe interpor recurso de alzada no prazo dun mes, que se formulará perante o reitor no caso de resolucións ditadas por un órgano unipersoal, ou ante o Consello de Goberno, no caso de acordos emanados da Xunta



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

da Escola. A resolución destes recursos esgotará a vía administrativa e será impugnabile perante a xurisdición contencioso-administrativa de conformidade coa lei reguladora desta xurisdición.

### TÍTULO I. NATUREZA, FINS E FUNCÍONS

#### **Artigo 4. Natureza**

A Escola Universitaria de Estudos Empresariais é o centro encargado da organización do ensino e dos procesos académicos, administrativos e de xestión conducentes á obtención de títulos de carácter oficial que lle sexan propios, con validez en todo o territorio español.

#### **Artigo 5. Funcións<sup>1</sup>**

Son funcións da Escola Universitaria de Estudos Empresariais:

1. Elaborar a proposta dos planos de estudo do ensino que nelas se imparte.
2. Organizar e supervisar as actividades docentes e a xestión dos servizos da súa competencia.
3. Custodiar as actas de cualificación e os expedientes dos estudantes que cursasen ou cursen estudos nelas, sen prexuízo do mantemento, por parte da Universidade, de arquivos centralizados.
4. Expedir as certificacións que solicitaren os estudantes do centro.
5. Administrar a asignación orzamentaria do centro e controlar os seus propios servizos e equipamentos.
6. Promover actividades culturais e de extensión universitaria.
7. Participar nos procesos de avaliación da calidade.
8. Calquera outra que lles atribuíren as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio<sup>2</sup>.

### TÍTULO II. DA ESTRUTURA E DO GOBERNO DA ESCOLA

#### **Artigo 6. Persoal adscrito á Escola Universitaria de Estudos Empresariais**

Son membros da Escola Universitaria de Estudos Empresariais o persoal docente e investigador e de administración e servizos adscritos a ela, así como os estudantes matriculados nalgunha das titulacións oficiais impartidas polo centro.

#### **Artigo 7. Órganos de goberno da escola**

Para o goberno, a representación e a administración da Escola Universitaria de Estudos Empresariais, establécense os seguintes órganos:

---

<sup>1</sup> Redacción practicamente idéntica á do artigo 11.2 dos Estatutos da UDC.

<sup>2</sup> Entre outras, informar ao Consello de Goberno, xunto cos departamentos correspondentes, para a posible aprobación por parte deste, de planos de estudo conxuntos con outras universidades, nacionais ou estranxeiras (artigo 50.2, dos Estatutos da UDC), e asinar contratos e convenios nos termos da lexislación vixente (segundo o artigo 58.2 dos Estatutos da UDC).



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

a) Colexiados:

- Xunta de Escola
- Comisión Permanente da Xunta de Escola<sup>3</sup>
- Comisións de traballo<sup>4</sup>

b) Unipersoais:

- Director/a de Escola
- Subdirector/a de Escola
- Secretario/a de Escola

### SECCIÓN PRIMEIRA. DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

#### SUBSECCIÓN 1ª. DA XUNTA DE ESCOLA

##### **Artigo 8. Composición da Xunta de Escola<sup>5</sup>**

1. A Xunta de Escola estará constituída por:

- a. O/a director/a, que a convocará e presidirá.
- b. Os/as subdirectores/as e o/a secretario/a, que o/a será tamén da Xunta.
- c. Nun 70% por profesores do centro. Todo o profesorado funcionario do centro pertencerá á Xunta de Centro e representará, polo menos, un 51% do número total dos seus membros. O resto ata ese 70% será para profesores non funcionarios, e tratarase, na medida do posible, que supoñan o 19% dos membros da Xunta.
- d. Nun 25% por estudantes do centro.
- e. Nun 5% por persoal de administración e servizos.

2. Quen imparta docencia en máis dun centro só poderá ser membro da Xunta de Centro en que desenvolva maioritariamente a súa docencia.

3. Os representantes na Xunta de Centro serán elixidos para un período de dous anos.

##### **Artigo 9. Competencias da Xunta de Escola<sup>6</sup>**

Como órgano colexiado de goberno do centro, á Xunta de Escola correspóndelle:

1. Elixir o/a director/a e, se for o caso, revogalo/a.
2. Supervisar a xestión dos diferentes órganos de goberno e administración do centro.
3. Elaborar e aprobar as propostas de planos de estudos das titulacións que se impartan no centro.
4. Formular anualmente, antes do comezo do curso académico, o plano docente do centro coordinadamente cos departamentos adscritos ao centro.
5. Organizar e supervisar as actividades docentes e os seus contidos mínimos esixidos para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito de competencia.

---

<sup>3</sup> Figura non considerada no artigo 22.a dos Estatutos da UDC.

<sup>4</sup> Comisións de traballo que se acorde crear no seo da Xunta do Centro, para axilizar o traballo, ao abeiro do artigo 17 deste Regulamento. Non aparecen considerados estes órganos no artigo 22.a dos Estatutos da UDC.

<sup>5</sup> Contido idéntico ao do artigo 31 dos Estatutos da UDC, agás o contido dos apartados 4.1. e 4.2., de nova redacción.

<sup>6</sup> Redacción practicamente idéntica á do artigo 30 dos Estatutos da UDC.



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

6. Programar os servizos e os equipamentos do centro e mais supervisar a súa xestión.
7. Acordar a distribución dos créditos concedidos ao centro e controlar a súa aplicación.
8. Elaborar o regulamento de réxime interno do centro.
9. Organizar actividades de formación permanente e de extensión universitaria.
10. Calquera outra que lle atribuíren as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio<sup>7</sup>.

### **Artigo 10. Funcionamento da Xunta de Escola**

1. A Xunta de Escola reunirse en sesión ordinaria cantas veces for necesario e, cando menos, dúas veces ao ano, e, en sesión extraordinaria, sempre que o/a director/a a convocar por propia iniciativa ou tras a solicitude dun cuarto dos seus membros, en cuxo caso se realizará nos quince días lectivos seguintes á recepción da solicitude.
  2. A orde do día das sesións será fixada polo/a director/a tendo en conta, no seu caso, que calquera dos membros da Xunta de Escola poderá solicitar a inclusión dun punto na orde do día. En tal caso, dito punto incluírase na primeira sesión que se convoque, sempre que se solicitase cunha antelación mínima de 48 horas á convocatoria da Xunta.
  3. A convocatoria será efectuada polo/a secretario/a da escola por orde do/a director/a ou de quen legalmente o/a substituír. Inclúirá a data, a hora e o lugar da sesión, tanto en primeira como en segunda convocatoria, así como a orde do día. A Xunta reunirse en segunda convocatoria trinta minutos despois da hora prevista para a reunión en primeira convocatoria.
- As citacións da convocatoria cursaraas o/a secretario/a coa antelación suficiente para que todos os membros a reciban corenta e oito horas antes da sesión, e incluíra unha orde do día explícita, sen referencias xenéricas. Levaranse a cabo mediante notificación persoal por carta ou notificación en soporte informático coas garantías da súa recepción.
4. Cando a natureza dos asuntos que se van tratar así o requirir, a xuízo do/a director/a, poderanse convocar ás sesións do pleno ou, no seu caso, ás dalgunha comisión ás persoas que se estime necesario, con voz mais sen voto.
  5. As sesións extraordinarias da Xunta de Escola están sometidas aos mesmos requirimentos que as ordinarias, coa excepción de que a súa convocatoria pode facerse con só vinte e catro horas de antelación e para o tratamento de puntos de inaprazable consideración. Non se incluírán na orde do día os puntos relativos á aprobación de actas, informes ou suxestións e preguntas.

### **Artigo 11. Constitución**

Para a válida constitución da Xunta de Escola, para os efectos da realización das sesións, das deliberacións e da toma de acordos, requirírase a presenza do/a director/a e do/a secretario/a ou, no seu caso, de persoa que os substitúa, e da metade, cando menos, dos seus membros en primeira convocatoria.

---

<sup>7</sup> Propor, para a súa aprobación, ao Consello de Goberno este Regulamento de réxime interno, en virtude do artigo 13 dos Estatutos da UDC.



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

De non se alcanzar o dito quórum, e a menos que na notificación se convocara a sesión en única convocatoria, a Xunta de Escola poderá constituírse en segunda convocatoria coa presenza da cuarta parte dos seus membros, e en todo caso, a do/a director/a e a do/a secretario/a ou, no seu caso, de quen os substitúa.

### **Artigo 12. Asistencia e desenvolvemento das sesións**

1. A asistencia ás sesións dos órganos colexiados da universidade é un dereito e un deber dos membros que os integran<sup>8</sup>.
2. A condición de membro dun órgano colexiado é persoal e non delegable.
3. Toda ausencia poderá xustificarse por escrito con anterioridade á sesión en que se produza, perante o/a secretario/a da escola.
4. Ás sesións só poderán asistir os seus respectivos membros, agás no caso recollido no artigo 11, apartado 4.
5. Non poderá ser obxecto de deliberación ou de acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estean presentes todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

### **Artigo 13. Votacións e adopción de acordos**

1. As votacións poderán realizarse por asentimento tras a proposta do director/a da escola, a man alzada, pública por chamamento, ou secreta. O/a director/a da escola decidirá a utilización dunha ou doutra modalidade. Porén, a votación secreta deberá ser utilizada cando o acordo que deba adoptarse tiver carácter persoal ou cando así o solicitar un dez por cento dos membros presentes na Xunta de Escola. Considéranse adoptados os acordos por asentimento cando as propostas sometidas á Xunta non suscitaren oposición de ningún dos seus membros e cando non se requirir outra forma de votación por ningún membro.
2. A Xunta de Escola adoptará os seus acordos por maioría de votos afirmativos fronte aos negativos, sen ter en conta as abstencións, agás en aqueles supostos en que se esixa, legal ou regulamentariamente, maioría cualificada.
3. En caso de empate nos resultados dunha votación, o/a director/a decidirá co seu voto de calidade.
4. Non poderán someterse a votación aquelas cuestións que non estiveren especificadas en cada punto da orde do día e en relación directa con elas. Tampouco poderán tomarse acordos dentro dos apartados da orde do día correspondentes a “Informes” e “Suxestións e Preguntas”.
5. Despois de comezar unha votación, esta non poderá interromperse.

### **Artigo 14. Actas**

1. De cada sesión que celebre a Xunta de Escola levantará acta o/a secretario/a académico/a, que especificará necesariamente a relación de asistentes e ausentes que achegasen xustificación, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e o tempo en

---

<sup>8</sup> Artigo 23.1 dos Estatutos da UDC.



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

que tivo lugar, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos e o xeito en que estes se adoptaron.

2. Na acta figurará, por solicitude dos respectivos membros da Xunta de Escola, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifican ou o sentido do seu voto. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto ou no prazo que sinala o/a director/a, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facendo así constar na acta ou unindo copia a ela.

3. Os membros que discreparen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de corenta e oito horas, que se incorporará ao texto aprobado.

4. Cando os membros do órgano votaren en contra ou se abstiveren, quedarán exentos da responsabilidade que, no seu caso, puiden derivarse dos acordos.

5. As actas aprobaranse na seguinte sesión; non obstante, o/a secretario/a poderá emitir certificación sobre os acordos específicos que se adoptasen, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.

### SUBSECCIÓN 2ª. DAS COMISIÓNS DA XUNTA DE ESCOLA

#### **Artigo 15. Comisión Permanente de Xunta de Escola<sup>9</sup>**

1. Na composición da Comisión Permanente manterase a proporcionalidade existente na Xunta de Escola respectando as porcentaxes de representación asignadas a cada un dos diferentes colectivos. A composición da Comisión Permanente será a seguinte:

Director/a da Escola, que presidirá a comisión

Os/as subdirectores/as

O/a secretario/a académico/a, que actuará como secretario da comisión

Seis profesores/as elixidos/as polo profesorado

Tres alumnos/as elixidos/as polo alumnado

Un PAS elixido polo persoal de administración e servizos

2. Os acordos que adoptar a Comisión Permanente relativos a competencias delegadas pola Xunta de Escola, serán comunicadas a esta na primeira sesión ordinaria que se realizar.

3. As competencias da Comisión Permanente serán as que expresamente delegue nela a Xunta de Centro. En todo caso serán as seguintes:

a) Estudar e propoñer a execución do orzamento anual da escola.

b) Estudar os asuntos de trámite asignados polo/a director/a.

4. No seu funcionamento rexerase polas normas recollidas nos artigos 10 a 14 do presente Regulamento, de aplicación para o funcionamento das Xuntas de Escola. A periodicidade das súas sesións queda fixada en, polo menos, unha vez por cuatrimestre.

5. Para a súa renovación seguiranse os mesmos criterios que establece o artigo 8.3 do presente Regulamento e polo disposto para as Xuntas de Escola no Regulamento de réxime electoral ou, no seu caso, polos acordos da Xunta Electoral.

---

<sup>9</sup> Apartado de nova redacción. Esta figura non aparece incluída no artigo 22 dos Estatutos da UDC.



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

### **Artigo 16. Comisións da Xunta de Escola<sup>10</sup>**

1. A Xunta de Escola, para os efectos do seu mellor funcionamento ou actuación, poderá constituír Comisións con carácter de apoio ou asesoramento que non terán capacidade decisoria, e deberán elevarse todas as propostas que adoptaren á Xunta de Escola ou ao/á director/a, no seu caso, que decidirán en última instancia.
2. As Comisións estarán compostas polo/a director/a ou persoa en quen delegar, o/a secretario/a académico/a da escola que actuará como secretario delas, e polos membros da Xunta de Escola designados por ela mesma. A súa renovación levarase a cabo anualmente.
3. As funcións que correspondan a cada Comisión asignaranse pola Xunta de Escola.
4. Para o seu funcionamento e para a adopción de acordos rexeranse polas normas establecidas para a Xunta de Escola no presente Regulamento.
5. Sen prexuízo do exposto no punto 1 do presente artigo, constitúense as seguintes comisións:
  - a) Comisión Académico-Docente
  - b) Comisión de Calidade e Convergencia
  - c) Comisión de Asuntos Económicos e Servizos

### **Artigo 17. Comisión Académico-Docente**

1. A Comisión Académico-Docente terá as seguintes competencias:
  - a) Propoñer o Plano de Organización Docente do curso académico.
  - b) Fixar o calendario de exames ordinarios e extraordinarios.
  - c) Coñecer e informar sobre calquera conflito que poida xurdir no desenvolvemento da docencia.
  - d) Propoñer cadros de adaptacións e de validacións.
  - e) Propoñer cadros de equivalencias e novas validacións de estudos en relación cos programas de intercambio.
  - f) Propoñer o recoñecemento de créditos de libre configuración solicitados.
2. Serán membros da Comisión Académico-Docente o/a director/a ou persoa en quen delegue, o/a secretario/a académico/a do centro que será a súa vez secretario/a da Comisión, o/a administrador/a do centro, profesores representantes das distintas áreas de coñecemento vinculadas coas materias troncais e obrigatorias impartidas na diplomatura, cun máximo de oito, dous estudantes, e un PAS.

### **Artigo 18. Comisión de Calidade e Convergencia**

1. Serán funcións da Comisión de Calidade e Convergencia as seguintes:
  - a) Propoñer accións encamiñadas a mellorar a calidade da docencia, así como velar polo seu cumprimento.
  - b) Supervisar o programa de prácticas en empresas.
  - c) Promover e propiciar a progresiva adaptación do profesorado ao Espazo Europeo de Educación Superior.

---

<sup>10</sup> Estes órganos non aparecen considerados no artigo 22 dos Estatutos da UDC.



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- d) Fomentar a mobilidade de profesorado e alumnado no marco dos programas de intercambio.
  - e) Programar e coordinar as actividades culturais e de extensión universitaria do centro.
2. Formarán parte desta comisión o/a director/a, ou persoa en quen delegar, o/a secretario/a académico/a do centro que será a súa vez secretario/a da Comisión, o profesor responsable de converxencia e calidade, catro profesores con docencia no centro, dous alumnos e dous PAS.

### **Artigo 19. Comisión de Asuntos Económicos e Servizos**

1. Serán competencias da Comisión de Asuntos Económicos e Servizos as seguintes:
- a) Elaborar a proposta das necesidades da Escola, controlar o gasto e o cumprimento do orzamento.
  - b) Controlar a xestión dos servizos comúns da Escola.
  - c) Controlar o servizo de material inventariable de uso común.
2. Formarán parte desta comisión o/a director/a, ou persoa en quen delegue, o/a secretario/a académico/a do centro que será a súa vez secretario/a da Comisión, o/a xefe/a do Negociado de Asuntos Económicos, tres profesores con docencia no centro, dous alumnos e un PAS.

## **SECCIÓN SEGUNDA. DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS**

### **Artigo 20. Do/a director/a de Escola**

1. O/a director/a de Escola desempeña a representación do seu centro e exerce as funcións da súa dirección e xestión ordinaria.
2. O/a director/a de Escola será nomeado polo/a reitor/a por un período de catro anos, tras a súa elección pola Xunta de Escola, entre o profesorado doutor pertencente aos corpos docentes universitarios adscritos ao respectivo centro<sup>11</sup>. Poderá ser reelixido/a.
3. O/a director/a de Escola será elixido/a por maioría dos votos validamente emitidos na Xunta de Centro. A súa revogación producirase en virtude de acordo adoptado por maioría absoluta da Xunta de Centro, por petición dun terzo dos seus membros, con proposta de candidato alternativo. En caso de que non prosperase a moción, os membros asinantes desta petición non poderán tomar novamente a iniciativa de revogación do/a Director/a durante o mesmo mandato.
4. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade o/a director/a será substituído polo subdirector/a, expresamente designado polo/a director/a.

---

<sup>11</sup> A este respecto, cómpre ter en conta o art. 34.2 do Regulamento de Réxime electoral xeral aprobado polo Consello de Goberno da Universidade o 20 de outubro de 2004, de aplicación á elección de directores de Escola. Ídem, o art. 41.2 dos vixentes Estatutos da UDC, no mesmo sentido.





## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

### **Artigo 21. Funcións do/a director/a de Escola<sup>12</sup>**

Corresponde ao/á director/a:

- a) Representar o centro.
- b) Presidir as reunións da Xunta de Centro e de calquera outro órgano colexiado do centro e mais executar os seus acordos.
- c) Velar polo cumprimento da legalidade en todas as actuacións do centro, polo bo funcionamento dos servizos e polo mantemento da disciplina académica.
- d) Dirixir e supervisar as actividades do centro, especialmente a organización das actividades docentes.
- e) Proporlle ao reitor o nomeamento e o cesamento do/a subdirector/a ou subdirectores/as e do/a secretario/a do centro.
- f) Controlar o cumprimento das funcións do persoal de administración e servizos adscritos ao centro.
- g) Presidir a Comisión de Selección do persoal docente e investigador contratado.
- h) Exercer as restantes funcións derivadas do seu cargo, así como aquelas que lle atribuíren as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto 101/2004, de 13 de maio.

### **Artigo 22. Subdirector/a de Escola**

1. Para o mellor desenvolvemento das súas funcións, o/a director/a contará co auxilio dos/as subdirectores/as, nas áreas de actividade ás que corresponda a súa denominación, que actuarán baixo a súa dirección e dependencia, e que serán nomeados/as polo/a reitor/a tras a proposta do/a director/a, de entre os membros da comunidade universitaria do centro<sup>13</sup>.
2. Cesarán por decisión do/a reitor/a por proposta do director/a, por petición propia e, en todo caso, cando conclúa o mandato do/a director/a. Nos dous últimos casos, continuarán en funcións ata a toma de posesión dos seus sucesores.

### **Artigo 23. Funcións do/a subdirector/a**

Corresponderalles dirixir e coordinar, baixo a autoridade do/a director/a, a área de competencia que este lles asignar. No caso de existiren varios, o/a director/a designará quen o/a deberá substituír no caso de ausencia ou enfermidade.

### **Artigo 24. Secretario/a de Escola**

1. O/a secretario/a do centro é a persoa que dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno e administración do centro. Será nomeado/a polo/a reitor/a, tras a proposta do/a director/a. Cesará por decisión do/a reitor/a tras a proposta do/a director/a, por petición propia e, en todo caso, cando conclúa o mandato do/a director/a. Nos dous últimos casos, continuará en funcións ata a toma de posesión do seu sucesor.

---

<sup>12</sup> Redacción practicamente idéntica á do artigo 42 dos Estatutos da UDC.

<sup>13</sup> Seguindo o artigo 43.1 dos Estatutos da UDC.



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

2. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o/a secretario/a será substituído/a polo/a subdirector/a que determine o/a director/a.
3. Serán funcións do/a secretario/a, ademais das legalmente establecidas, as seguintes<sup>14</sup>:
  - a) A formación e a custodia dos libros de actas dos órganos colexiados do centro.
  - b) A recepción e a custodia das actas de cualificación dos exames.
  - c) A expedición de certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do centro.
  - d) A custodia do selo do centro e do rexistro deste.
  - e) A publicidade dos acordos dos órganos colexiados do centro.
  - f) Calquera outra función que lle delegue o/a director/a ou que lle encomenden as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio.

### TÍTULO III. DO RÉXIME ECONÓMICO

#### **Artigo 25. Recursos económicos**

1. Para a realización da organización do ensino e dos procesos académicos, administrativos e de xestión a Escola dispón:
  - a) Dos bens, dos equipos e das instalacións que, previamente inventariados, a Universidade da Coruña lle conceder.
  - b) Dos recursos que nos orzamentos da Universidade da Coruña se lle concederen.
  - c) Calquera outro recurso que puidese serlle atribuído.
2. Corresponde aos órganos de goberno da Escola velar polo mantemento e pola renovación dos recursos adscritos a ela. Da súa conservación directa son responsables todos os membros adscritos á Escola, e esta será supervisada polo/a director/a.

### TÍTULO IV. DA REFORMA DO REGULAMENTO

#### **Artigo 26. Iniciativa de reforma do Regulamento**

Poderán propor a reforma do presente Regulamento un terzo dos membros da Xunta de Escola. A proposta de modificación presentarase mediante escrito motivado dirixido ao/á director/a.

#### **Artigo 27. Tramitación de reforma do Regulamento**

O texto da proposta de reforma será enviado polo/a director/a aos membros da Xunta de Escola, que disporán de quince días para presentaren emendas. Transcorrido este prazo convocarase sesión extraordinaria da Xunta de Escola para aprobar ou rexeitar a reforma proposta. Á convocatoria xuntaranse as emendas presentadas que serán sometidas a debate e votación.

---

<sup>14</sup> Funcións consideradas no artigo 44.3 dos Estatutos da UDC.



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

### **Artigo 28. Aprobación da proposta de modificación do Regulamento**

Para a modificación do Regulamento requírase a súa aprobación por maioría absoluta do total dos membros da Xunta e a súa posterior aprobación polo Consello de Goberno da Universidade.

### **DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS**

#### **ÚNICA. Período de adaptación da Comisión Permanente e Comisións de traballo**

A Comisión Permanente así como o resto de comisións existentes na Escola á entrada en vigor do presente Regulamento extinguíranse no prazo máximo dun mes, e deberá conformarse e constituírse a nova Comisión Permanente e demais comisións de conformidade co disposto neste Regulamento nese prazo.

### **DISPOSICIÓNS FINAIS**

#### **PRIMEIRA. Derrogatoria**

Quedan derogadas todas aquelas disposicións da Universidade da Coruña de igual ou inferior rango que contradigan a presente normativa.

#### **SEGUNDA. Entrada en vigor**

O presente Regulamento entrará en vigor o mesmo día da súa aprobación polo Consello de Goberno.